

Unha experiencia de Aprendizaxe e Servizo para fomentar a aprendizaxe da Xeometría e a colaboración docente.

Educación Matemática III
3º curso do Grao en Educación Primaria

M^a Cristina Naya Riveiro, M^a Elena Segade Pampín e Carlos Soneira Calvo

Presentación da experiencia

FOMENTAR A APRENDIZAXE DA XEOMETRÍA E A COLABORACIÓN DOCENTE, A TRAVÉS DO DESEÑO, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DE TALLERES SOBRE O COÑECEMENTO E O MANEXO DE MATERIAIS MANIPULATIVOS PARA TRABALLAR CONTIDOS DE XEOMETRÍA PARA NENOS E NENAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Xurdiu coma demanda do profesorado titor do 4º curso de Educación Primaria do CEIP Galán.

Colaboración iniciada dende o curso 2016/17.

Descrición da experiencia

- ▶ Realizáronse dúas propostas en formato de taller para traballar contidos xeométricos a través de materiais manipulativos.
- ▶ Cada neno ou nena tiña un alumno/a universitario/a como orientador de referencia para guialo no desenrolo das actividades e axudarlle no manexo do material.
- ▶ Axudamos ao noso alumnado, estudantes en formación a introducirse e coñecer o contexto real do mundo educativo.
- ▶ A participación do noso alumnado formulouse como proposta de traballo en equipo e formando parte da avaliación.
- ▶ Xenéranse canles de comunicación e colaboración entre profesorado en activo e profesorado en formación.

Obxectivos

- ▶ Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
- ▶ Aprender a deseñar, desenvolver e avaliar pequenos talleres educativos en contextos escolares.
- ▶ Coñecer a proposta teórica e práctica da Xeometría para nenos e nenas de E.P. a través de materiais.
- ▶ Fomentar a cooperación entre institucións socioeducativas.
- ▶ Mellorar as habilidades de razoamento xeométrico.
- ▶ Fomentar o uso de materiais manipulativos nas aulas de E.P.
- ▶ Colaborar e axudar na formación docente e na adquisición de competencias matemáticas.
- ▶ Desenvolver habilidades comunicativas.
- ▶ Coñecer o manexo de grupos, fomentando a cooperación e o traballo colaborativo entre iguais.

Participantes

- ▶ 111 estudantes da materia Educación Matemática III.
- ▶ 76 alumnos de 4º curso de Educación Primaria.
- ▶ 3 docentes do centro educativo.
- ▶ a dirección do centro educativo.
- ▶ 3 docentes da UDC.

Resultados de aprendizaxe

- ▶ Potenciar e desenvolver coñecementos de conceptos matemáticos básicos, en particular da Xeometría.
- ▶ Coñecer e analizar o currículo escolar de matemáticas na E.P.
- ▶ Coa finalidade de que os estudantes experimenten a utilidade das matemáticas na vida cotiá, resolveron problemas matemáticos e non propiamente matemáticos nun contexto real de aula.
- ▶ Avaliar e analizar a ensinanza e o aprendizaxe das matemáticas na etapa de E.P. utilizando recursos e materiais didácticos.
- ▶ Valorar a importancia da colaboración entre docentes.